



## Patrimonio solidario

---

Roberto Freire Hernando<sup>1</sup>

Se Deus foi solidario connosco, podemos nós vivir cristiamente sen ser solidarios cos irmáns? Non resulta doado pensar no «*uso-xestión*» do patrimonio da Igrexa porque require un proceso de desapropiación logo de vir, perante anos, nun proceso de adquisición de propiedade; tamén unha desapropiación do «pensamento», ideas ou racionalizacións que cursan cunha visión «non-solidaria» da realidade e facilitan seguir adiante sen mais. É o meu desexo compartir algúns criterios que buscan axudar nesta achega, conducido por achegas do papa Francisco e aceptando, de entrada, non ser imparcial.

### 1.- Valor suposto *versus* valor real

O 4 de agosto do 2019, no *Angelus*, o papa di:

Os bens materiais son necesarios para a vida, son un medio para vivir honestamente e compartir... Isto non quere dicir afastarse da realidade senón buscar as cousas que teñen un verdadeiro valor: a xustiza, a solidariedade, a acollida, a fraternidade, a paz, todo o que constitúe a verdadeira dignidade das persoas...

A Igrexa experimenta constantemente a necesidade de recursos materiais para sacar adiante proxectos de todo tipo, coidar o patrimonio do que é responsable, financiar salarios, soste obras

---

<sup>1</sup> Roberto Freire Hernando é psicólogo. Foi prior do mosteiro franciscano de Herbón e actualmente é párroco na Unidade Pastoral da Serra de Outes.

economicamente deficitarias... co lexítimo obxectivo dunha vida digna para quen usa ese patrimonio, percibe eses salarios e leva a cabo esas obras non lucrativas. Ata aquí é perfectamente comprensible o esforzo, pero non podemos esquecer que o patrimonio é algo común (tamén culturalmente), os salarios han axustarse sen escusas á normativa civil vixente, e as obras non lucrativas requiren, na miña opinión, unha voltiña para a súa captación de recursos.

Se ao carón dese espazo patrimonial, na porta dese salario percibido ou diante desa obra social temos un recurso en desuso que podería producir os cartos precisos para acadar os nosos obxectivos, hai algo que non funciona ben e que nos distancia desa proposta solidaria, xusta e digna, da que fala o papa e só expresa un sentido de propiedade doutro tempo.

Unha familia humilde, clase media poderíamos dicir, non se pode permitir ter uns bens que lle son propios polas razóns que se estimen, se quere mantelos como seus. Ten que poñelos en valor e facer o posible para que produzan un xusto e legal rendemento ou desfacerse deles.

## 2.- Leticia evanxélica *versus* euforia

*Evangelii gaudium* é un texto iluminador para a vida da fe cristiá e aínda para persoas non crentes. O equilibrio entre a leticia (ledo + icia = acción intensiva) e a euforia (eu + phéro = optimismo esaxerado) pode espertar en nós a creatividade tan necesaria para descubrir que acción hai que desenvolver para sacar adiante a misión repensando obxectivos e máis estruturas.

Di no número 24 da EG:

Convido a todos a ser audaces e creativos nesta tarefa de repensar os obxectivos, as estruturas, o estilo e os métodos evanxelizadores das propias comunidades. Exhorto a todos a aplicar con xenerosidade e valentía as orientacións deste documento, sen prohibicións nin medos.

Claro que a paralización producida polo medo a equivocarnos é unha escusa moi habitual, pero que sexa habitual non a fai nin normal, nin funcional, nin leda en orde á misión evanxelizadora. Di no número 34:

Prefiro unha Igrexa accidentada, ferida e manchada por saír á rúa, antes que unha Igrexa enferma polo encerro e a comodidade de aferrarse ás propias seguridades.

Outro camiño só nos fai adoradores de becerros de ouro en versión século XXI, sepáranos do rostro da humanidade, escravízanos na euforia dos cartos, do poder e da apropiación que non coñece límites, separándonos cada vez máis daqueles irmáns a quen lles negamos a vida con bens que non son nosos, senón seus (EG 39. 40. 41).

### 3.- Individual *versus* fraternal

Di o papa Francisco en EG 83:

A solidariedade é unha reacción espontánea de quen reconece a función social da propiedade e o destino universal dos bens como realidades anteriores á propiedade privada. A posesión privada dos bens xustifícase para coidalos e facelos medrar de xeito que sirvan mellor ao ben común. A solidariedade debe vivirse como decisión de devolverlle ao pobre o que lle corresponde.

O individual, a propiedade individual (*in+dividere+al* = relativo a un só) non pode rachar a perspectiva fraternal (*frater+inus+al* = pertencente ao irmán) da Igrexa, e racha nela cando esquecemos que o uso dos nosos bens en desuso pode devolverlle a dignidade ao pobre porque lle corresponde. Só somos administradores da casa común (EG 93).

Os discípulos e as discípulas de Xesús pertencémoslle aos nosos irmáns sen paliativos. Na homilía do 23/02/2014 di o papa:

Sodes templo de Deus...; santo é o templo de Deus, que sodes vós» (1 Co 3, 16-17). Neste templo, que somos nós, celébrase unha liturxia existencial: a da bondade, do perdón, do servizo; nunha

palabra, a liturxia do amor. Este templo noso resulta como profanado se descoidamos os deberes cara co próximo. Cando no noso corazón hai cabida para o máis pequeno dos nosos irmáns, é o mesmo Deus quen atopa posto. Cando ese irmán se deixa fóra, o que non é ben recibido é Deus mesmo. Un corazón baleiro de amor é como unha igrexa desconsagrada, subtraída ao servizo divino e destinada a outra cousa.

Non é posible vivir a fe cristiá como unha devoción individual dentro da casa, mirando cara á outra banda, cegos fronte á realidade do outro que está na porta do fogar, da parroquia, da reitoral, no local de reunións, nos despachos facendo plans de evanxelización. Non é posible.

Xa o dixerá Paulo VI na clausura do Concilio Vaticano II: «Para a Igrexa católica ninguén é estraño, ninguén está excluído, ninguén está lonxe», tampouco no uso compartido e fraterno dos nosos recursos materiais.

#### 4.- Unipersoal *versus* sinodal

Synodos (syn+odos) ten que ver cun camiño, ruta («odos») que facemos xuntos («syn»). É irrenunciable tamén na hora de decidir sobre a utilización do que temos no servizo do ben común, da «casa común». O papa Francisco, na audiencia xeral do 25/11/2020, fala de catro coordenadas para a sinodalidade; unha delas a comunión fraterna:

O que non entra nestas coordenadas está privado de eclesialidade, non é eclesial... preguntémonos se están estas catro coordenadas: a vida comunitaria, a oración, a Eucaristía, a predicación, como se desenvolve a vida nestas catro coordenadas. Se falta isto, falta o Espírito, e se falta o Espírito, nós seremos unha bonita asociación humanitaria... un bonito club de amigos con boas intencións, pero non está a Igrexa, non hai sinodalidade.

No uso dos bens que ten a Igrexa, sucede ás veces que o conxunto de axentes da pastoral «ve» unha ruta para facer solidarios e sostibles os nosos bens, por exemplo equipos de Cáritas locais, Cáritas

diocesanas, etc. e a decisión final non chega porque queda na man dunha persoa, é unipersoal, non parece valorar o discernimento feito nos equipos e a solución é unha «non-solución» que dista moito da predicación, da eucaristía, da oración e da caridade e así é recibida por quen tomara a iniciativa no inicio do proceso.

## 5.- Dereito versus responsabilidade

O dereito (*directus*, do verbo *dirigere*) é unha pedagogía para guiarse con rectitude, que non se pode separar da responsabilidade (*responsum* de *re+spondere*), posto que se trata de responder aos nosos compromisos adquiridos, neste caso aos compromisos da fe cristiá.

O papa Francisco afirma o 6 de maio de 2016 o seguinte:

A distribución xusta dos froitos da terra e o traballo humano non é mera filantropía. É un deber moral. Se queremos entender a nosa sociedade dun xeito diferente, necesitamos crear postos de traballo dignos e ben remunerados, especialmente para a nosa mocidade.

Cando adquirimos un compromiso en clave de evanxeo descubrimos que a nosa obriga, o noso deber, é buscar con empeño a xusta distribución dos bens aos que todos teñen dereito. Deus creounos como unha esperanza para os demais, unha esperanza real e realizable (carta de Sor Lucía, 28 de febreiro do 1943). No cumprimento das nosas obrigas,

O ceo activa aquí unha auténtica e precisa mobilización xeral contra esa indiferenza que nos arrefría o corazón e agrava a nosa miopía. Non queremos ser unha esperanza abortada. A vida só pode sobrevivir grazas á xenerosidade doutra vida (eucaristía do 13 de maio de 2017).

Onde teño un dereito, teño unha responsabilidade tamén; onde teño un dereito sobre un «ben», teño tamén unha obriga responsable de compartilo, sabedor de que, se comparto, multiplícase. Non

hai unha conciencia moral sa que resista a ruptura entre dereito e responsabilidade.

## 6.- Material *versus* inmaterial

Material, materia, vén etimoloxicamente de *mater*, nai, tronco do que saen abrochos e gromos. Pola contra, inmaterial refírese o que carece (in = non) desa orixe. Cando falamos de dispoñer de bens materiais e recursos, non podemos perder de vista o tronco do que sae todo iso nin de aquilo que non ten esa orixe, refírome á dignidade da persoa. Recordando *Pacem in terris*, o Documento de Aparecida e as palabras do papa (23/07/2013) suxírenos con claridade:

Tamén quixera dicir que a Igrexa, avogada da xustiza e defensora dos pobres ante intolerables desigualdades sociais e económicas, que claman ao ceo, desexa ofrecer a súa colaboración a toda iniciativa que poida significar un verdadeiro desenvolvemento de cada persoa e de toda persoa. Queridos amigos, certamente é necesario dar pan a quen ten fame; é un acto de xustiza. Pero hai tamén unha fame máis fonda, a fame dunha felicidade que só Deus pode saciar. Fame de dignidade. Non hai unha verdadeira promoción do ben común, nin un verdadeiro desenvolvemento da persoa, cando se ignoran os piares fundamentais que sosteñen unha nación, os seus bens inmateriais: a vida, que é un don de Deus, un valor que sempre se ten que tutelar e promover; a familia, fundamento da convivencia e remedio contra a desintegración social; a educación integral, que non se reduce a unha simple transmisión de información co obxectivo de producir ganancias; a saúde, que debe buscar o benestar integral da persoa, incluíndo a dimensión espiritual, esencial para o equilibrio humano e unha sa convivencia; a seguridade, na convicción de que a violencia só se pode vencer partindo do cambio do corazón humano.

As cousas materiais que nós administramos teñen un tronco inmaterial que nos foi dado, un don, un agasallo do mesmo Deus, que é a dignidade propia e allea, a dignidade da persoa, que esta-

mos chamados a coidar, defender, protexer e promover, poñendo ao seu servizo canto sexa preciso: vivenda, salario, educación, saúde, emprego, seguridade... para que serve se non é así?

## 7.- Diálogo *versus* monólogo

As nosas palabras e discursos poden pecar de ir só nunha dirección nacida de preconceitos e moitas veces posicións prexuízadas respecto aos nosos interlocutores, aínda os máis febles, porque temos unha teoría ao respecto da súa situación actual, descoñecendo en realidade o conxunto de factores que o trouxeron a este punto. Necesitamos establecer canles de diálogo máis empáticos, deixar espazo a que as nosas palabras e discursos se movan en direccións diversas para chegar a un punto de encontro. A voz do papa:

Un auténtico diálogo require tamén capacidade de empatía. Para que haxa diálogo ten que darse esta empatía. Trátase de escoitar non só as palabras que pronuncia o outro, senón tamén a comunicación non verbal das súas experiencias, das súas esperanzas, das súas aspiracións, das súas dificultades e do que realmente lle importa. Esta empatía debe ser froito do noso discernimento espiritual e da nosa experiencia persoal, que nos fai ver os outros coma irmáns e irmás, e «escoitar», as súas palabras e as súas obras, e máis alá delas, o que os seus corazóns queren dicir. Non podo dialogar se estou pechado ao outro. Apertura? Máis: Acollida! Ven á miña casa, ti, ao meu corazón. O meu corazón acóllete. Quérete escoitar. Esta capacidade de empatía posibilita un verdadeiro diálogo humano, no que as palabras, ideas e preguntas xorden dunha experiencia de fraternidade e de humanidade compartidas. (17 de agosto de 2014).

Solidarizar o que temos require este esforzo en varias direccións: as persoas en primeiro lugar, as administracións nas que hai moito descarte, as circunstancias e os contextos, os acompañantes sociais... Solidarizar o que temos require o esforzo de mirar sen temor: o endiañado de Gadara descubriu en Xesús alguén que o miraba por primeira vez sen ter medo del, Francisco de Asís achegouse ao lobo feroz de Gubbio sen ter medo del, Teresa de

Calcuta achegouse a persoas tiradas na rúa sen ter medo delas. Logo poderá vir unha toma de decisións adaptada a esa persoa no conxunto da súa vida con supervisión se é necesaria, con contratos se son necesarios, con acompañamento profesional se o necesitan, con normas e pautas que contribúan a restablecer a súa dignidade.

## 8.- A modo de criterio

Ofrezo aquí algún criterio (*kriterion* que vén do verbo *krinein* + *io* = instrumento para coñecer a verdade) que poida axudarnos na toma de decisións que compete a cada quen, non pretendo que sexan excluíntes, senón abertos e ampliables unha e mil veces para avanzar na misión do evanxeo, a Boa Nova.

- Primeiro: a inmediatez dos recursos materiais quedan nun valor suposto (estruturas físicas, salarios, obras sociais...) se esquecen o discernimento do seu valor real e final (teleolóxico) como son a xustiza, dignidade, paz... Polo tanto na Igrexa, se hai que escoller entre paredes de pedra e persoas de carne e óso, o primeiro é buscar a persoa e a Deus afirmándose en todas as realidades positivas da historia e dos homes e mulleres de cada tempo.
- Segundo: está clara na elección do usos dos bens a necesaria creatividade fronte a ese optimismo exaxerado do «sempre se fixo así», un becerro de ouro levado dun lado a outro escravizándonos diante de señores que non son o noso Señor. A creatividade pode ser o inicio desa acción intensiva cara ao encontro cos irmáns capaz de superar prohibicións e medos, como fixo Xesús.
- Terceiro: se busco o ben «só para min», «só para a Igrexa», coma meros propietarios que deciden illados da realidade, apártome da fraternidade, do templo, da *ekklesia* iniciada por Xesús, que tería que incluír sempre o fraternal dende o inicio da súa toma de decisións. Xesús e o seu Reino é un ben en si mesmo, o ben que guía as nosas accións misioneiras. Ninguén afastado para o cristián.



- Cuarto: se temos diante un camiño a facer, podo decidir facelo eu só, eu só coa miña institución, ou iniciar esa ruta xuntos e dispostos a solidarizar o que somos e o que temos. Parece que a segunda opción é a que máis ten que ver cos valores do reino de Deus e a súa xustiza.
- Quinto: escoitar o discernimento de equipos, comunidades, delegacións e responsables diversos e facerse presentes nese proceso, resulta imprescindible para compartir xuntos a ruta do Reino iniciada na Encarnación de Deus.
- Sexto: se non compartirmos o que temos arruínase, arruínanos. Non parece nin recto nin responsable.
- Sétimo: o uso do «material» que temos, aínda como propietarios lexítimos, xustifícase se está a dispor da dignidade da persoa, polo Reino de Deus e a súa xustiza sumando nas mellores causas humanas.
- Oitavo: o diálogo é o camiño que abre a unha amplitude mental capaz de flexibilizar e modificar as nosas posicións, solidarizando o noso pensamento como paso previo imprescindible para solidarizar os nosos bens. Se as nosas ideas son ríxidas, só nacen monólogos impedidos para acoller e compartir.

Na Unidade Pastoral de Entíns traballamos na creación dun proxecto colaborativo que concrete canto aquí se propón, deixando claro que todo está superposto. Este é, en esquema, o proxecto:

- **Obxectivo xeral:** Solidarizar os «bens» parroquiais (reitoral, fincas...) poñendo ao servizo dunha familia usuaria de Cáritas, co fin de conseguir o autoemprego da unidade familiar.
- **Obxectivos específicos:**
  - Decidir sobre o espazo máis digno
  - Adecuar a vivenda e os seus accesos para instalarse a familia cos recursos necesarios (auga, luz, cociña...)

- Analizar a capacitación dos membros da familia ou, no seu caso, o proceso de escolarización
  - Revisar e poñer ao día a situación de «alta na seguridade social»
  - Programar traballos e formación para os adultos da unidade familiar. Neste caso o varón albanelería (é a súa profesión como oficial de primeira) e a muller incluía no curso de formación para atención sociosanitaria en domicilio rural (colaboración Cáritas/concello).
  - Organizar o primeiro traballo inicial retribuído, que sería o mantemento dos cemiterios e igrexas da Unidade Pastoral
  - Iniciar a creación do soporte dunha economía doméstica produtiva adaptada á normativa da comunidade autónoma (galiñeiro ecolóxico, cultivo, e colaboración con produtor local...)
  - Xestionar subvención e axudas públicas
  - Acordar/contratar os termos de uso e melloras do espazo/vivenda do igrexario e da produción.
- **Destinatarios:** Unidade familiar de 4 membros inmigrantes, censados, dous adultos en paro de longa duración (ou traballo precario) e dous fillos escolarizados de 12 e 17 anos.
  - **Avaliación/acompañamento:**
    - Avaliación semestral polo equipo de Cáritas encargado
    - Supervisión semanal/mensual pola traballadora social de Cáritas
    - Acompañamento pastoral mensual polo párroco e visitas non anunciadas
    - Atención profesional cando sexa o caso (médico, psicólogo, traballador social...)

- Celebración dun encontro lúdico/festivo anual entre a familia e os membros do equipo con ocasión, p. e., da festa patronal desa parroquia.

### ***Dificultades:***

- **Persoais:** a dificultade máis grande das persoas, voluntarios de Cáritas e usuarios, é superar o modelo asistencialista no que nos vimos movendo ata o de agora, porque é máis doado, resolve con inmediatez as demandas da persoa e deixa certa satisfacción polo xesto realizado. Pero non crea motivación, perpetúa situacións superables e non deixa espazo á creatividade...
- **Administrativas:** un traballo novo supón sacrificar «axudas» vellas de contías económicas que só requiren unha documentación e ás que non se quere renunciar facilmente, porque as novas requiren un prazo de tempo medio e longo. Pero facelo ben axudaría a superar economías somerxidas e traballos precarios...
- **Institucionais:** a maioría das veces a decisión final dunha proposta queda nas mans dunha institución/administración diante do que non queda outro camiño que o de avanzar e ser creativos.
- **Colaborativas:** non é fácil atopar empresarios, produtores locais, entidades coas que establecer canles de colaboración, pero está claro que o camiño é a sinerxia de todos os axentes locais. por puro principio de participación social

A misión, sempre compartida para que poida ser multiplicada:

A Igrexa é o sal da terra, é luz do mundo, está chamada a facer presente na sociedade o lévedo do Reino de Deus e faino ante todo coa súa testemuña, a testemuña do amor fraterno, da solidariedade, do compartir. (Papa Francisco, 18 de maio de 2013).

**Roberto Freire Hernando**  
Párroco na Serra de Outes